



ANPA do CEIPP
de PALMEIRA

NORMATIVA SERVIZO DE COMEDOR da ANPA do CEIPP de PALMEIRA CURSO ESCOLAR 2024-25

1. Funcionamento:

Trátase dun servizo aberto para tódolos alumn@s do CEIPP de Palmeira. Os membros **socios/as** da ANPA estarán cubertos polos **seguros** de responsabilidade civil e accidentes propios da ANPA.

Inscripcións e baixas no local da ANPA do colexio, chamando ao teléfono da ANPA **650199162** ou por correo electrónico **anpapalmeira@hotmail.com**

Comeza o **primeiro día** do ano académico e haberá comedor **tódolos días lectivos** do ano escolar.

O servizo de comedor funciona de **luns a venres entre as 14:00h e as 16:00**, as familias poden elixir os días que desexen utilizalo. As monitoras comezarán 30 minutos antes para a recepción da comida e preparación das mesas, así coma 30 minutos despois para a limpeza e mantemento do comedor.

A **recollida dos comensais será a partires das 15:30h e ata 16:00h**, os pais/nais entrarán polo **portal traseiro** (portalón de arriba) e esperarán polos seus fillos/as na porta de entrada dos nenos de educación infantil, sendo a monitora quen entregue aos nenos/as, os pais/nais non poderán pasar ás dependencias do Centro escolar.

No momento da entrega serán informados sobre aquilo que compete sobre os seus fillos/as en relación á comida e comportamento dentro do comedor.

Os pais/nais que desexen preguntar por distintos aspectos do servizo de comedor poderán pedirlo a monitora, a cita será despois do horario de comedor.

Os nenos/nas que teñan **actividades extraescolares** a continuación do comedor, serán entregados polas monitoras directamente ao profesor/a responsable da actividade. Asemade, levarán unha **nota informando** sobre a comida e comportamento no comedor dese día.

A permanencia no centro é obrigatoria para os alumnos/as que fagan uso deste servizo, só poderán saír do centro con un xustificante da familia máis a **autorización do responsable do comedor**.

Os espazos destinados aos alumnos/as serán: o patio, o patio cuberto, a sala de usos múltiples, os baños e a sala do comedor. O resto das instalacións do centro non poderán ser utilizadas.

Antes e despois de entrar na sala do comedor deberán lavarse as mans e a cara, para isto **traerán da súa casa unha bolsa de aseo pequena cos útiles necesarios para o cepillado e hixiene dos dentes**.

Os usuarios **esporádicos** e **as faltas de asistencia ao comedor dos usuarios fixos** deberán comunicarse:

1. Ao servizo de catering GRUPO **CHICOLINO RESTAURACIÓN** no teléfono **690908063 (RAQUEL/SARA)** chamando, por mensaxe ou por WhatsApp, avisando, se é posible, cun día de antelación ou o mesmo día **antes das 9.00 h da mañá non se cobrará ese día**.
2. Débese avisar do mesmo xeito á Monitora responsable do comedor (**TAMARA 621392498**).
3. Asemade deberán **comunicalo tamén ao seu titor/a** verbalmente, mediante unha folla escrita na mochila, na axenda do alumno/a ou chamando ao colexio (981838281).





ANPA do CEIPP
de PALMEIRA

NORMATIVA SERVIZO DE COMEDOR da ANPA do CEIPP de PALMEIRA CURSO ESCOLAR 2024-25

2. Menús:

Os menús diarios serán **iguais para todos/as** os comensais, non atendendo gustos persoais.

Os alumnos/as que por razóns de saúde (alerxias, diabetes, intolerancias, etc.) deban seguir unha **alimentación especial** serán debidamente atendidos cun **menú especial**. Deberán comunicalo a ANPA e ao catering **presentando un certificado médico** no que se detallen as necesidades específicas para ese alumno/a.

Informarase do menú mensualmente para que as familias poidan programar as ceas dos seus fillos/as.

3. Cotas:

O prezo do servizo de comedor é de **6,20€/menú para os comensais fixos** (se saímos agraciados coas axudas para as ANPAs xestoras dos comedores escolares da Consellería de Educación da Xunta de Galicia o prezo será **subvencionado pola ANPA quedando en 5,45€/menú**). Farase un **10% desconto para irmáns**.

O abono farase **a mes vencido** directamente a empresa responsable do catering, José Fajardo SL, Grupo Chicolino Restauración, mediante **transferencia bancaria** ou por **domiciliación bancaria** (solicitar o documento as/os monitores/as e devolver cuberto a autorización do pago a través da súa conta particular). **Os esporádicos poden facer o pago en efectivo no momento da recollida** ou por transferencia bancaria.

No caso de que unha familia non abone a mensualidade o alumno/a perderá o dereito ao servizo de comedor a partires do día un do mes seguinte, a non ser que comunique as razóns que xustifiquen a demora do pago. A perda do dereito do servizo de comedor non exime do pago das cantidades que debe.

4. Monitores/as:

Dentro das súas función destacan:

- Recibirán a comida e prepararán o comedor antes da chegada dos comensais.
- **Organizarán a entrada e saída** con orde.
- **Darán exemplo** coidando a linguaxe e os hábitos de comportamento.
- Vixiarán a correcta **hixiene das mans** antes e despois de comer.
- Durante todo o tempo **vixiarán aos comensais** mentres realizan as labores do comedor (poñer e quitar os pratos, cortar a comida aos nenos/as pequenos, etc..).
- **Axudarán** a comer aos nenos/as que o precisen e lles **ensinarán** a comer, pelar, etc.....
- **Asegurarán unha correcta hixiene dental** dos comensais despois de comer.
- Farán formación pedagóxica. **Explicaranlle normas de hixiene e alimentación**
- **Motivarán** aos alumnos/as para realizar educación dietética, actividades e xogos que non dificulten o rendemento nas actividades de tarde. Deberán ensinarlles a coidar e recoller os xogos que usen.
- **Resolverán**, no momento, os **problemas e discusións** que xurdan entre os alumnos/as.
- Coma norma xeral os monitores/as **NON** subministrarán **medicamentos** aos nenos/as. En casos excepcionais, seguirase o **Protocolo establecido para a Administración de Fármacos** no comedor.
- As monitoras/es **informarán ás familias e ao centro** sobre condutas observadas aos alumnos/as que a seu xuízo deban ser corrixidas.



NORMATIVA SERVIZO DE COMEDOR da ANPA do CEIPP de PALMEIRA CURSO ESCOLAR 2024-25

- **No momento da entrega informarán aos pais/as** en relación a comida e comportamento dos seus fillos/as dentro do comedor. Esta información darase **na intimidade** correspondente, atendendo a cada pai/nai, de un en un, e nunha zona onde ninguén alleo poida oírlo.
- As monitoras/es só se farán cargo dos alumnos/as usuarios do servizo de comedor e terán control dos mesmos ata que os proxenitores ou persoa designada os recollan ou ata que comecen as **actividades da tarde**, neste último caso **entregaranos ao profesor/a de cada actividade**.
- Unha vez rematada a entrega dos nenos/as, as monitoras/es procederán á **limpeza das instalacións correspondentes ao comedor**, garantindo a hixiene e o seu correcto mantemento.

SEGURO ACCIDENTES ANPA PARA OS SOCIOS/AS DA ANPA:

A ANPA ten contratado con MAPFRE un Seguro de Accidentes Colectivo Nº póliza **055-1880200114** que cubre a todos os seus **socios**. No listado de alumnos/as dos monitores/as estarán indicados os que non son socios. No caso de que algún destes nenos ou nenas sufrise algún accidente, os monitores/as deberán:

1. **Chamar ao pai/nai ou persoa designada** para informar do acontecido e que leve o neno/a ao Centro de asistencia que corresponda:
 - **Moi grave** → chamar ó **061**
 - **Urxente** → Hospital da Barbanza (indicar nº póliza seguro)
 - **Non Urxente** → Policlínica del Carmen (Rúa Campo de Marte nº 6 Ribeira)
 - Alí deberán indicar que veñen da ANPA de Palmeira (indicar nº póliza seguro)
 - Eles valorarán:
 - Tratalo alí.
 - Derivalo ao Hospital HM Rosaleda, en Santiago de Compostela.
 - Derivalo ao Hospital da Barbanza.
2. **Notificalo á Xunta Directiva da ANPA** informando do acontecido no teléfono da ANPA **650199162** (pode facerse incluso mediante unha mensaxe de WhatsApp)

ALARMA DE INCENDIO E EVACUACIÓN:

No caso de que soe a alarma de incendios, procederase a evacuación de todos/as de forma tranquila e controlada cara a pista de fútbol. Deben seguir as **instrucións e planos** colocados nas paredes de todas as aulas e estancias do centro (non coller obxectos persoais, non abrir portas nin ventás, non volver atrás...).

- En horario habitual, haberá un equipo do centro encargado de avisar aos servizos de emerxencia e da coordinación da evacuación.
- Fora dese horario, é dicir, no **servizo de madrugadores e de comedor**, debe ser o/a monitor/a responsable do servizo o/a encargado/a de **chamar ao 112** para dar o aviso, e deseguido avisar **á Xunta Directiva da ANPA e á Dirección** do Centro.

Xunta Directiva ANPA do CEIPP de Palmeira